

Exposicións permanentes

- Exposición de AGPI: **A que sabe este libro?**
- Exposición de libros cedidos polas editoriais
- Exposición de materiais elaborados por alumnas e alumnos dos centros de ensino de Lugo

O trasgo furalibros, un personaxe moi especial, será o encargado de recibir e guiar as visitas da Semana do Libro.

Horario de visitas ás exposicións: permanecerán abertas de **9:30 a 14:00 horas para os centros de ensino e de 18 a 20 horas para o público en xeral**

Inauguración

**DOMINGO 19 ÁS 12:30 HORAS
CONCERTO**

Coro Infantil do Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes.
Directora Henar Matesanz Fernández, pianista Juan Ignacio Martínez Pardo.

Un ano máis, desde a Área de Cultura da Deputación de Lugo en colaboración coa Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG), convidámosvos á Semana do Libro e da Lectura Infantil e Xuvenil de Lugo. Na súa V Edición presentámosvos “Cociñando contos”, unha apetitosa proposta de animación á lectura.

A Semana do Libro e da Lectura de Lugo volverá a ser un espazo de encontro da rapazada, profesorado, nais e pais para dar renda solta á creatividade e ao intercambio de experiencias. Moitas e moi variadas actividades nunha Semana do Libro e da Lectura que queremos que sirva para achegar ás e aos máis novos ao fascinante mundo da literatura feita en Galiza e en galego! Ao longo destes días, o Museo Provincial de Lugo converterase nun escenario de imaxinación e ilusión no que cocifiaremos fascinantes contos e onde as e os máis novos serán os protagonistas. Os ingredientes? Moita ilusión e diversión, un chisco de risa por aquí, un chisco de maxia por aló e... a degustar saborosos contos!

Benvidas e benvidos á Semana do Libro e a Lectura!

Mario Outeiro Iglesias
Delegado de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo

V SEMANA DO LIBRO E A LECTURA DE LUGO

organiza:



colabora:

OQO
editora

V SEMANA DO LIBRO E A LECTURA DE LUGO

Cociñando contos

DO 19 AO 25 DE OUTUBRO DE 2014
MUSEO PROVINCIAL

organiza:



colabora:

OQO
editora



Actividades concertadas cos centros de ensino

De luns a venres de 10:00 a 14:00 h.

LUNS 20, E.I. (2 funcións)

MARTES

Espectáculo de Baobab Teatro, dirixido por Andrea Bayer e estreado no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra.

Martes é un ser espacial que vive entre a lúa e as estrelas e tenlle medo a todo. Pero un día algo sucederá e iniciará unha viaxe na que se enfrontará aos seus medos.

MARTES 21, 1º ESO

AMASANDO LIBROS E MAXIA

Mago Martín Camiña

Unha clase metida entre fogóns e andeis literarios: libros, cortizas das botellas, e a grande dose de imaxinación dos nenos e nenas. Traballaremos as habilidades manuais, matemáticas, enxeño... ademais das capacidades de comunicación na presentación dos efectos máxicos.

SE OS CONTOS SE PUIDESEN COMER, ACABARÍASE A FAME NO MUNDO

Celso Fernández Sanmartín, contacontos

Nos contos en que poñemos de protagonistas aos animais, as peripecias para poder conseguir comida, para comer e gardar, son constantes.

Comer, coñecer, defenderse e ser amigos, son motivos que nos unen a eles. Vémonos reflectidos nos animais coma nun espello.

Os contos non se poderán comer, pero manter, manteñen

MÉRCORES 22, 3º EP

CONTOS EXQUISITOS

Van divulgación cultural


Algunha vez pensaches que coas cores das froitas tamén se pode pintar?. A actividade consiste na composición dunha historia a modo de quebracabezas. A clase dividirase en grupos e cada un deles coñecerá unicamente un fragmento da historia que terá que plasmar nunha imaxe.

XOVES 23, 5º EP

OBRAIRO DE ILUSTRACIÓN E BANDA DESEÑADA

Abraham Carreiro, debuxante e ilustrador

Con este obradoiro os nenos e nenas achegaranse ao mundo do debuxo dunha forma sinxela e divertida. Aprenderán as técnicas básicas para a creación de personaxes e para a realización dunha historia debuxada.



OBRAIRO CONTANDO CON IMAXES

Noemí López, ilustradora

Dende a linguaxe da ilustración aplicada á literatura infantil e xuvenil a autora, mediante demostracións que os asistentes seguirán, falará e dará algunhas pautas para coñecer o traballo da narración ilustrada de ficción.

A QUE SABEN OS CONTOS?

Tegra A. Gómez Pino, Animadora

Socio-cultural, educadora e Monitora da Gaia Animación

O sabor como inspirador de un conto. Aprendemos e creamos a través do que percibimos polos sentidos de maneira natural, sen embargo normalmente non somos conscientes e polo tanto non o potenciamos. Se preguntamos a que sabe un recordo, seguro que lle temos un sabor asociado, un cheiro...

VENRES 24, 1º EP (2 funcións)

MARTÍN MARTÍN

Mircromina Teatro

Divertido e intenso espectáculo de monicreques de luva e actor que conta como un neno, inmerso no mundo moderno tecnolóxico, entra en contacto con outro xeito de facer e sentir, o da súa avoa Margarida que lle amosa o valor da creatividade a través da atención e observación do propio traballo, polo que recibe de agasallo un "lapis moi especial".



Actividades abertas ao público

De luns a venres ás 18:30 h.

LUNS 20

COMENDO CONTOS

Andrea Bayer

Prenderemos os fogóns para cociñar os contos que farán as delicias de pequenos e grandes.

MARTES 21

CONTOS de MAXIA

Mago Martín Camiña

Todos os contos teñen maxia, e todas as maxias teñen algo dos contos. Un espectáculo cheo de momentos fascinantes e momentos de asombro: Contos con cordas, papeis, manipulacións de cartas, mentalismo,... comicidade e participación dos espectadores. Se cociñamos contos xuntos... contamos contigo?

MÉRCORES 22

CONTOS A PEDIR DE BOCA

OQO Editora

Hai moitos xeitos de viaxar, até... sen movernos da nosa cidade! Que mellor xeito de coñecer distintas culturas que a través dos seus contos? E por que non tamén coñecendo a súa gastronomía?

XOVES 23

CONTOS COMO ROSQUILLAS

Soledad Felloza, contadora de historias

Nunha rama de romeu chegan estes contos. Contos mornos, doces, saborosos, para escoitar de dous en dous como se comen as rosca nas romarías

VENRES 24

COMELIBROS

Matapiollos Teatro

Comelibros é unha obra na que se mesturan personaxes reais e monicreques nun mundo de libros. Cando a biblioteca pecha as súas portas ao público, os libros reciben coidados e mimos de dous personaxes moi particulares. Don Hilario o bibliotecario e David o Aprendiz.

Pola noite van pasar cousas estrañas e coñeceremos a uns personaxes chamados Comelibros que habitan nas bibliotecas e gardan certos segredos.

SÁBADO 25 / 12:30 H. CLAUSURA

AVENTURAS NA COCIÑA

TRINKETRINKE, contacontos teatral

A Avoa Violeta, a ratiña máis vella de Lonxedetodo, está doente. Outra ratiña, Lili Gruyère, visítanos hoxe para contarnos como vai acadar a recuperación da ratiña anciá. Lili vai preparar diante do público, un delicioso e atractivo menú para a Avoa, que a vai deixar como nova.